

# **Política de Privacidade / Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega / Lista: Obradoiros de cociña e actividades de consumo consciente e saúde /1 de Setembro do 2018**

## **Introdución**

Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega, en diante Árbore, recompila, trata e almacena información persoal a través de *Mailchimp* ou outros servizos alternativos de promoción e comunicación por correo electrónico. [Enlace](#) á política de privacidade de *Mailchimp*.

Esta información será relativa aos usuarios desta lista sobre Obradoiros de cociña e actividades de consumo consciente e saúde. A información recompilarase, tratarase e almacenarase conforme á presente Política de Privacidade.

Esta Política de Privacidade foi actualizada o 1 de Setembro do 2018.

## **Responsable legal**

Denominación comercial: Árbore

Denominación social: Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega

Identificador fiscal: F36899987

Domicilio: Rúa López Mora, 30 baixo. 36211 Vigo

E-mail de contacto: [info@arbore.org](mailto:info@arbore.org)

## **Leis de aplicación**

- RGPD (Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas)
- LSSI (Ley 34/2002, de 11 de julio, de Servicios de la Sociedad de la Información y Comercio Electrónico)

## **Datos recompilados**

Unicamente se recompilarán os datos estritamente necesarios para levar a cabo a normal actividade do servizo. Axustándose ao principio de minimización de datos (Art.5.b GDPR).

Os datos recompilados serán en todo caso de maiores de 16 anos (Art. 8.1 GDPR). Árbore reservase o dereito a tomar as medidas oportunas para comprobar a veracidade da idade (Art. 8.2 GDPR).

En todo caso estes datos serán de carácter persoal identificativos e non sensibles, poderán ser:

- Correo electrónico
- Teléfono
- Nome e apelidos
- Pertenza á Árbore como socio da cooperativa

## **Métodos de recompilación**

Os datos persoais recompilaranse a través da páxina web de Árbore ou enlaces específicos a formularios proporcionados por *Mailchimp* (enlazados á base de datos de *Mailchimp*), cando introduzas información en algún dos campos destinados a tal efecto. Estes campos están debidamente sinalizados e non se recompilará ningún dato ata que non aceptes expresamente a cesión e xestión conforme a esta política de privacidade.

## **Obxectivo da recompilación e uso dos datos.**

A recompilación e uso de datos realizase cos seguintes obxectivos:

- Informar sobre os obradoiros de cociña organizados por Árbore
- Outras actividades relacionadas con actividades de consumo consciente e saúde. En ningún caso se cederán os datos a terceiros.
- A xestión das inscricións nas actividades mencionadas

Árbore comprométese a non utilizar os datos obtidos con finalidades distintas a estas.

## **Destinatario dos datos.**

Os datos recopilados incorporaranse a un ficheiro propiedade de:

- Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega

Este ficheiro será xestionado por:

- The Rocket Science Group LLC d/b/a , con domicilio en EEUU. Máis información en: <https://mailchimp.com/> (The Rocket Science Group LLC d/b/a ). The Rocket Science Group LLC d/b/a trata os datos coa finalidade de realizar os seus servizos de promoción e comunicación vía correo electrónico.

Este ficheiro almacenarase en:

- The Rocket Science Group LLC d/b/a , con domicilio en EEUU. Máis información en: <https://mailchimp.com/> (The Rocket Science Group LLC d/b/a ). The Rocket Science Group LLC d/b/a almacena os datos coa finalidade de realizar os seus servizos de promoción e comunicación vía correo electrónico.

## **Prazo de conservación dos datos.**

Os datos conservaranse ata que se cumpra o obxectivo polo cal se recompilaron estes datos (Art.5.e. GDPR) ou ata que se exerza o dereito de supresión ou modificación dos mesmos. Sempre e cando isto non entre en conflito coa necesidade por motivos legais ou fiscais de almacenar os mesmos.

## **¿Como protexemos os seus datos?**

Os teus datos transfírense e almacénanse de forma segura a través da infraestrutura de *Mailchimp* mediante as prácticas descritas no seguinte [enlace](#).

Árbore non pode garantir a completa seguridade nas comunicacións a través de Internet, pero si nos comprometemos a adoptar boas prácticas e melloralas de forma continua co obxectivo de proporcionar un alto nivel de protección dos datos.

Ademais Árbore se compromete a manter a confidencialidade dos datos e non comunicar ni permitir o acceso a terceiros non autorizados.

## **Os teus dereitos en canto á protección de datos**

A lexislación recoñécelle uns dereitos como usuario que cedeu os seus datos persoais:

- Acceso aos datos persoais.
- Rectificación ou supresión.

- Opoñerse ao tratamento.
- Portabilidade dos datos.
- Limitación do seu tratamento.

O exercicio destes dereitos é persoal, polo que so podes solicitalos para os datos dos cales sexas propietario. No caso de que queiras exercer algún destes dereitos podes facelo en liña a través do formulario de *Mailchimp* accesible dende os correos que recibes, mediante un correo electrónico dirixido a [info@arbore.org](mailto:info@arbore.org) ou mediante carta dirixida a Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega dirección “Rúa López Mora, nº30 baixo, 36211 Vigo” indicando os dereitos que se queren exercer e unha proba de identidade.

Nos comprometemos a responder a túa solicitude nun prazo máximo de 30 días hábiles.

## **Lexitimación para o tratamento de datos**

A base legal para o tratamento dos teus datos persoais es la aceptación explícita do tratamento, xestión e almacenamento dos mesmos segundo a presente política de privacidade.

## **Consecuencias de non aceptar a política de privacidade**

No caso de que non aceptes a xestión dos teus datos segundo a presente política de privacidade, non se procederá á recompilación dos mesmos, o que pode supoñer que non se poda levar a cabo o servizo prestado por Árbore.

## **Autoridade de protección de datos en España**

No caso de que queiras facer valer os teus dereitos en canto a protección de datos e consideras que non os estamos respectando, podes dirixirte á autoridade española responsable.

– Sitio web da autoridade de protección de datos:

<https://www.agpd.es/>

– Correo electrónico da autoridade de protección de datos:

[internacional@agpd.es](mailto:internacional@agpd.es)

– Teléfono de la autoridade de protección de datos:

+34 91399 6200

## **Cambios na Política de Privacidade**

Árbore resérvase o dereito a modificar a presente Política de Privacidade, estas modificacións faranse conforme a lexislación e a xurisprudencia e quedaran reflectidos na presente Política de Privacidade.